

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN
DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SALCEDA DE
CASELAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE
TELEASISTENCIA DOMICILIARIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

REÚNENSE

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación de Pontevedra, entidade con NIF P-3 600 000-H, quen actúa en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e no 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Da outra, o Concello de Salceda de Caselas con NIF P3604900E, e, no seu nome e representación, a súa alcaldesa María Dolores Castiñeira Alén, quen actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que se lle confiren no artigo 21.1.b da LRBRL e no 61 da LALG.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e conforme aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións do sector público, das administracións, das corporacións de dereito público e, en xeral, de calquera entidade pública. De acordo co anterior,

EXPOÑEN QUE

Primeiro. As institucións que representan comparten a vontade de cooperar, a través dos seus correspondentes servizos sociais, na prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria, co que se potencia a autonomía persoal e se procuran a permanencia



e integración na contorna das persoas maiores, con especial atención ás que están en situación de fragilidade, soidade ou illamento, así como en situación de crise ou emerxencia dentro e fóra do domicilio. Asemade, favorece a autonomía da persoa e da súa familia ou unidade de convivencia.

Segundo. A Deputación ten competencia propia para apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das previsións establecidas no artigo 36 da LRBRL, no que se determina a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión; no artigo 109.1.b da LALG; no artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG); e no artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Terceiro. A Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia asinaron no ano 2013 un convenio de colaboración para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria dirixido ás persoas que, por razón de idade, enfermidade, discapacidade, illamento xeográfico ou desarraigamento social, precisen da asignación deste servizo para mellorar a súa calidade de vida, e así posibilitar a súa permanencia na contorna habitual. No 2017 formalizouse a primeira addenda ao convenio e, no 2021, a segunda e derradeira.

Cuarto. Ante a necesidade de axustar o contido e garantir a continuidade do servizo, cómpre asinar un novo convenio co fin de asegurar unha resposta coordinada e eficiente ás necesidades dos concellos da provincia de ata 20.000 habitantes e favorecer a equidade territorial, a calidade asistencial e a optimización dos recursos públicos dispoñibles. O obxectivo último é mellorar a atención e a seguridade das persoas usuarias no seu propio fogar, atendendo ao establecido na ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria da institución provincial.



Quinto. De acordo cos motivos expostos e co fin de que as dúas entidades cumpran cos seus obxectivos, e así garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida,

ACORDAN

Formalizar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Salceda de Caselas para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto formalizar a adhesión do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra en colaboración co Concello de Salceda de Caselas así como a aceptación íntegra da ordenanza reguladora do citado servizo e os compromisos administrativos e financeiros establecidos.

Segunda. Obxectivos do servizo

Co servizo de teleasistencia domiciliaria procúranse os seguintes obxectivos:

- Proporcionarlles seguridade e tranquilidade ás persoas usuarias e ás súas familias.
- Proporcionar unha atención inmediata e adecuada ante situacións de emerxencia ou necesidade mediante a mobilización, cando sexa necesario, dos recursos propios e alleos que existan na súa zona.
- Garantir a comunicación interpersonal ante calquera situación de necesidade as 24 horas do día e os 365 días do ano.
- Potenciar a autonomía persoal das persoas usuarias favorecendo a permanencia no domicilio e contorna habitual o maior tempo posible.

- Previr situacións de risco por razóns de idade, discapacidade, vulnerabilidade ou soidade.
- Favorecer a comunicación das persoas beneficiarias para evitar o illamento social e a soidade non desexada.
- Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e das persoas con discapacidade.

Terceira. Persoas destinatarias do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra

Poderán ser destinatarias (como titulares ou beneficiarias) as persoas maiores de 65 anos e as persoas con discapacidade que non teñan dereito ao servizo a través do sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD), así como aquelas persoas en situación de especial vulnerabilidade para as que a prestación do servizo sexa un recurso idóneo, segundo unha valoración técnica acreditada mediante un informe social da traballadora ou traballador social de referencia dos servizos sociais comunitarios municipais do Concello de Salceda de Caselas.

Cuarta. Obrigas da Deputación de Pontevedra

O organismo provincial, a través do centro xestor de Benestar Social, cumprirá as obrigas establecidas no artigo 6 da ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra.

Quinta. Obrigas do Concello

O Concello de Salceda de Caselas coa súa adhesión, comprométese a cumprir as obrigas establecidas no artigo 9 da ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra.



Sexta. Financiamento do servizo

Os prezos da súa prestación estarán suxeitos ás condicións establecidas no marco contractual vixente en cada momento. Unha vez finalizado o período de vixencia dun contrato, o financiamento do servizo adaptarase ás condicións e prezos que se fixen nun novo procedemento de adxudicación, tendo en conta os prezos de mercado existentes no momento da súa formalización

O servizo de teleasistencia domiciliaria financiarase con fondos propios da Deputación, que asumirá o 50 % do custo do servizo contratado, e que estará dotado economicamente no seu orzamento anual.

O Concello de Salceda de Caselas asumirá o 50 % do custo das persoas usuarias que estean dadas de alta na prestación do servizo en cada momento, e poderá establecer o copagamento por parte destas de acordo coas súas ordenanzas municipais.

Sétima. Pagamento

O pagamento do servizo realizarase con carácter mensual, unha vez que a empresa ou entidade adxudicataria presente as correspondentes facturas.

Oitava. Prestación do servizo

Sen prexuízo do establecido na ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra, o funcionamento deste axustarase ao seguinte procedemento:

As persoas interesadas deberán solicitar a alta no servizo de teleasistencia domiciliaria a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello.



O Concello de Salceda de Caselas por medio da persoa representante ou outra en quen delegue, será quen presente na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra a solicitude, acompañada da documentación esixida a través do procedemento específico habilitado.

A tramitación electrónica do expediente realizarase desde o Servizo de Benestar Social, e comprenderá os actos de instrución necesarios para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, que se lles trasladarán ao concello e á empresa que presta o servizo.

Novena. Comisión de seguimento

Para o seguimento do grao de execución do convenio e a proposta de solución de controversias que a súa intervención poida motivar, crearase unha comisión de seguimento, integrada por dúas persoas representantes da Deputación, unha representante do Concello de Salceda de Caselas e unha representante da empresa adxudicataria.

Décima. Control, seguimento e avaliación

A Deputación de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

Décimo primera. Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio terá vixencia, desde a data da súa sinatura, por un período de catro (4) anos. Poderá ser prorrogado por acordo expreso das partes, antes do seu vencemento, por un período adicional máximo de catro anos.

Os concellos adheridos poderán solicitar a súa renuncia ou baixa voluntaria no servizo mediante unha comunicación formal dirixida á Deputación, cunha antelación mínima de tres (3) meses. Esta baixa producirá efectos ao final do trimestre natural



en que se presente a solicitude, sen prexuízo das obrigas pendentes que poidan derivar da súa participación no servizo.

Décimo segunda. Extinción e efectos da resolución dos convenios

Este acordo resolverase polas causas e cos efectos establecidos nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP); en particular, polo incumprimento, total ou parcial, dalgunha das cláusulas que o regulan.

Décimo terceira. Réxime xurídico e lexislación aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto no capítulo VI do título preliminar da LRXSP.

Para resolver cantas dúbidas ou lagoas puidesen producirse na interpretación, execución, efectos, modificación e resolución do acordo, aplicarase o disposto no propio acordo e, na súa falta, o recollido na LRXSP, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, na ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliar da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento desta institución provincial para o exercicio de 2025 e na LRBRL.

As partes comprométense a tentar resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidese xurdir no desenvolvemento, interpretación, cumprimento, extinción e efectos deste convenio. En caso de non ser posible unha solución amigable e resultar procedente un litixio xudicial, a xurisdición competente para coñecer e resolver estas cuestións será a xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



En cumprimento do disposto no artigo 53 da LRXSP e na Resolución do 2 de decembro de 2016 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos subscritos polas entidades do sector público local, este convenio, cuxos compromisos económicos non superan os seiscientos mil euros (600.000,00 €), rexistrárase na aplicación informática da Deputación de Pontevedra co obxecto de incorporar os datos deste á relación certificada anual que se lle remitirá ao Tribunal de Contas.

Décimo cuarta. Protección de datos

As partes manifestan que coñecen e cumpren a lexislación europea en materia de protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, e comprométense a darlles un uso debido aos datos de tal natureza que obtivesen como consecuencia do desenvolvemento deste convenio, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e segundo o estipulado na disposición adicional única da ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra.

En proba de conformidade, as partes asinan este convenio dixitalmente.

